

Resumo da Mesa Xeral de Negociación FEBREIRO 2010

Para este resumo non temos documentos enviados de persoal dende o mes de outubro de 2009, sobre os artigos revisados que pasamos a mencionar.

-Xornada Laboral: estase a apostar por unha xornada anual de 1473 horas, aínda non está pechado e estamos a pasar os horarios dos diferentes servizos, Cementerios, Mercados, Bibliotecas e Banda de Música.

-Permisos e licencias: se aplicarán os permisos e licencias que figuran no EBEP, e na lei de Función Pública de Galiza, está pendente de determinar cal é a localidade de referencia, se o propio termo municipal Da Coruña ou o termo municipal de domicilio declarado polo traballador.

-Especial Dedicación: os sindicatos CSIF e UGT, propoñen que o persoal que cobra especial dedicación cobre tamén horas extras cando superan a xornada de 40 horas semanais, CCOO non se define, a postura da CIG é de que a ED xa está definida e regulada na lexislación vixente.

-Anticipo de haberes: a proposta sindical regula os anticipos en función de cantidades non do salario mensual, que irían dende 1500 aos, o Goberno Municipal argumentando falta de liquidez na partida e para que podo chegar a maior cantidade de beneficiarios propón 4 tramos dende 1250 ate os 4500, en este punto temos un principio de acordo, pois con estas cantidades e atentando aos prazos de devolución, baixarían as cantidades mensuales a amortizar.

-Fondos de acción social: mantese a partida en vigor co compromiso de actualizarse anualmente e abriuse o debate sobre se a partida destina ao viaxe cultural dos traballadores formaba parte deste fondo ou non e si se podería destinar a outros fins.

APROVEITAMOS PARA INFORMAROS QUE O PRÓXIMO 10 DE MARZO (DÍA DA CLASE OBREIRA) HAI CONVOCADA UNHA MANIFESTACIÓN QUE SAIRÁ DA PRAZA DA PALLOZA AS 8 DA TARDE, EN PROTESTA POLO PARO, A CRISE E A INTENCIÓN DO GOBERNO DE INCREMENTAR A IDADE DE XUBILACIÓN.